

## **Anuncio da Axencia Galega das Industrias Culturais para a presentación de propostas co fin de seleccionar un proxecto de escrita dramática destinado a unha coprodución co Centro Dramático Galego**

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), a través do Centro Dramático Galego (CDG), desenvolve diferentes liñas de actuación e programas de apoio á dramaturxia e á creación, co que se pretende favorecer a produción de dramaturxia galega contemporánea, impulsar a creación de novas audiencias, consolidar produtos culturais competitivos que xeren retorno e, en definitiva, buscar a excelencia nos produtos culturais galegos.

Para a consecución deste obxectivo, a Agadic realiza un chamamento de propostas de escrita dramática para a selección dun proxecto que sexa susceptible do seu desenvolvemento como dramaturxia para unha coprodución co Centro Dramático Galego.

### **Quen pode participar?**

Poderán presentar os seus proxectos as persoas, físicas ou xurídicas, dedicadas profesionalmente á escrita no ámbito das artes escénicas e que desenvolvan maioritariamente a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Coa súa presentación, a persoa titular do proxecto declara responsablemente e garante a súa orixinalidade e autoría e que non vulnera dereitos de terceiros, sendo a súa responsabilidade os eventuais danos e prexuízos ocasionados polos devanditos conceptos.

Cada persoa só poderá presentar un proxecto e non poderá participar doutros.

### **Cal é o prazo e forma de presentar os proxectos?**

O prazo de presentación dos proxectos será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio na páxina web da Agadic: <https://www.industriasculturais.xunta.gal>.

Os proxectos presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado xenérico PR004A *Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado*, dispoñible na web <https://sede.xunta.gal>

### **Que documentación se precisa para presentar o proxecto?**

A persoa interesada deberá xuntar unha **memoria explicativa do proxecto** que conteña, cando menos, os seguintes apartados:

- Proxecto de escrita. Sinopse/proposta do seu texto cun máximo de 10.000 caracteres (espazos incluídos) coa descrición do proxecto de dramaturxia que quere desenvolver.
- Traxectoria da persoa ou persoas que participan na escrita.
- Carta de motivación.

### **Como se seleccionará o proxecto?**

Constituirase unha Comisión de Valoración, nomeada polo director da Axencia Galega das Industrias Culturais e integrada polas seguintes persoas, expertas no eido das artes escénicas:

- Unha persoa designada pola Asociación Galega de Dramaturxia (DramaturGA), que ostentará a Presidencia.
- Unha persoa representante de cada unha das asociacións e colectivos adheridos ao proxecto "Bolsa de dramaturxia", que ostentarán a condición de vogais.
- Unha persoa do cadro de persoal da Agadic, que exercerá as funcións de Secretaría da comisión, con voz e sen voto.

Esta Comisión de Valoración analizará as propostas presentadas, levantará acta da súa reunión e redactará unha proposta de selección dun dos proxectos dirixida ao director artístico do Centro Dramático Galego, quen a valorará para unha posible contratación.

### **Que se valorará dos proxectos?**

A finalidade desta convocatoria é dispoñer dun proxecto de escrita para o desenvolvemento dunha dramaturxia que sirva de base para unha coprodución co CDG. Neste sentido, a Comisión deberá analizar, dun xeito global, os proxectos presentados e seleccionar aquel que mellor se adecúa a esta finalidade, tendo en conta os seguintes criterios:

- A calidade, oportunidade artística e orixinalidade da proposta.
- A actualidade e interese da temática.
- A duración estimada da montaxe do texto que permita superar os 50 minutos e non supere os 75 minutos.
- Que poida ser representada por un máximo de tres intérpretes.
- A traxectoria artística e literaria das persoas candidatas.

Cando, a xuízo da Comisión, ningún dos proxectos presentados cumpra co obxectivo perseguido, este chamamento poderá quedar deserto.

### **Como coñecer o proxecto seleccionado?**

A Agadic publicará na súa páxina web o nome do proxecto seleccionado e o da persoa titular deste e, de ser o caso, iniciará os trámites necesarios para a contratación artística correspondente. A estes efectos, a devandita persoa deberá ter capacidade para contratar coa Administración pública e non atoparse incurso en ningunha prohibición de contratar, de acordo co disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A Agadic poderá destinar un máximo de 6.000,00 € para a contratación da escrita da dramaturxia en base ao proxecto seleccionado, que deberá realizarse nun período máximo de 6 meses, transcorridos os cales deberá entregarse a dramaturxia completa.

### **Información básica en materia de protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.